

Aviso Fitosanitario Bandas nos piñeiros

Campaña 2022

Dothistroma septosporum e *Dothistroma pini* (Bandas vermellas) e *Lecanosticta acicola* (Banda marrón).

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, tal e como establece a primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG), pretende aumentar a superficie de coníferas e o fomento das repoboacións de alta calidade xenética. Por todo elo, mediante a rede de avisos fitosanitarios préstase especial atención á detección das súas posibles pragas e enfermidades.


Co nome xenérico da enfermidade das bandas das acículas dos piñeiros ou dos vermellos criptogámicos, chámanse un grupo de especies de fungos que afectan ás acículas de diferentes tipos de piñeiros e outras coníferas: a banda vermella, provocada principalmente polo fungo *Dothistroma septosporum* e con menor afectación *Dothistroma pini* e a banda marrón, ocasionada polo fungo *Lecanosticta acicola*.

A afección das bandas das acículas é coñecida nos nosos piñeirais durante moitas décadas, pero ata hai uns anos estas enfermidades manifestábanse sobre todo nos fondos dos vales, montañas con alta densidade arbórea ou áreas asociadas a alta humidade ambiental, pero o cambio das condicións climáticas, parece que está a facer que se estendan a outras zonas.

Os síntomas producen o secado e defoliación das partes inferior e media das árbores. Considérase que pode afectar á produción cando a defoliación alcanza porcentaxes superiores ao 25% das acículas e o crecemento das árbores se detén cando a defoliación supera o 75%.

No ano 2021 a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal estableceu unha **rede de parcelas de avisos fitosanitarios**, para ter datos a tempo real en distintas épocas do ano, do estado fitosanitario das especies forestais máis relevantes. As funcións desta rede son detectar a presenza de pragas e enfermidades, determinar o momento adecuado para iniciar os tratamentos integrais necesarios e avisar aos silvicultores do momento óptimo para realizar os distintos tratamentos integrais contra as pragas e doenzas das especies forestais detectadas. Ó establecer esta rede tívose en conta a actual problemática das enfermidades fúnxicas dos piñeiros, establecendo un 50% das parcelas da rede cos distintos tipos de piñeiros.

- | | |
|--------------------------|-------------------------|
| ● 21 <i>P.sylvestris</i> | ● 54 <i>A.glutinosa</i> |
| ● 26 <i>P.pinaster</i> | ● 61 <i>E.globulus</i> |
| ● 28 <i>P.radiata</i> | ● 64 <i>E.nitens</i> |
| ● 41 <i>Q.robur</i> | ● 72 <i>C.sativa</i> |
| ● 43 <i>Q.pyrenaica</i> | ● 73 <i>Betula sp.</i> |



Nas mostraxes realizadas polo Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte durante o mes de marzo nesta rede de parcelas, atopáronse síntomas de enfermidades fúnxicas. As condicións metereolóxicas favorecen o desenrolo destes fungos, que aparecen con ambientes cálidos e húmidos.

Acompañando a avaliación de danos realizada, tomáronse mostras de acículas para o seu posterior procesamento no laboratorio. En función dos resultados obtidos destas análises, realizouse un plan de actuación de tratamentos fitosanitarios .


Ao tempo, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias solicitou ao Ministerio, a autorización excepcional para comercialización e uso, en aplicación terrestre, dos produtos fitosanitarios formulados a base de óxido cuproso. O 10 de febreiro de 2022, publicouse a resolución de autorización excepcional para uso de óxido cuproso dende o 1 de abril de 2022 ata o 29 de xullo de 2022, para *Pinus radiata*, *Pinus pinaster* e *Pinus nigra* e para as provincias de A Coruña e Lugo.

Máis tarde, tamén solicitou unha modificación da autorización excepcional (publicada o 10 de febreiro de 2022, para uso de óxido cuproso dende o 1 de abril de 2022 ata o 29 de xullo de 2022, para *Pinus radiata*, *Pinus pinaster* e *Pinus nigra*) para as provincias de A Coruña e Lugo. Esta modificación solicita a inclusión na resolución citada anteriormente, das provincias de Ourense e Pontevedra.

O 7 de Abril de 2022 publícase a inclusión. Tendo a autorización excepcional do uso do óxido cuproso, realizouse un primeiro tratamento con este produto no mes de Abril, co único composto para o que actualmente existe unha historia de tratamentos validada cientificamente e un segundo tratamento de reforzo no mes de xullo.



PLANO DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS DE ENFERMIDADES FÚNXICAS.






PLANOS DE RESULTADOS DAS MOSTRAXES REALIZADAS NAS PARCELAS DA REDE DE AVISOS FITOSANITARIOS.

Bandas vermellas:

- *Dothistroma septosporum*
- *Dothistroma pini*




Lenda

- Resultado análise banda vermella positivo (en todos estes puntos apareceu *Dothistroma septosporum*, non se atopou *D. pini*)
- Resultado análise banda vermella negativo



Banda marrón: *Lecanosticta acicola*



Lenda

- Resultado análise banda marrón positivo
- Resultado análise banda marrón negativo



LISTADO DE OUTRAS ESPECIES DE FUNGOS ATOPADOS NA REDE DE AVISOS FITOSANITARIOS

| | |
|----------------------------------|------------------------------|
| <i>Lophodermium pinastri</i> | <i>Strasseria geniculata</i> |
| <i>Diplodia sapinea</i> | <i>Rhizosphaera sp.</i> |
| <i>Microsphaeropsis olivacea</i> | <i>Allantophomopsis sp.</i> |
| <i>Leptostroma sp.</i> | <i>Cyclaneusma sp.</i> |
| <i>Pestalotiopsis sp.</i> | <i>Phoma sp.</i> |
| <i>Pestalotiopsis microspora</i> | <i>Alternaria sp.</i> |